



CERTIFICACIÓN

D. Francisco Javier Novoa Juíz, Secretario do Concello de Vimianzo,

CERTIFICO:

Que a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, na sesión extraordinaria urxente do vinte e tres de novembro de dous mil vinte, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“3º.- Aprobación dos requisitos para a adhesión dos establecementos receptores das tarxetas VIMI-BONO para a reactivación económica local

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 23 de novembro de 2020, que se transcribe literalmente:

“PROPOSTA DE ACORDO: Condicións de adhesión dos establecementos receptores das tarxetas VIMI-BONO para a reactivación económica local

EXPTE TEDEC: 2020/A008/000045

A pandemia ocasionada polo Coronavirus estendeuse por todo o planeta ocasionando graves efectos sobre a vida e a saúde das persoas. As medidas adoptadas polas autoridades sanitarias e os cambios que o novo paradigma desatou na sociedade arrastran tamén ás actividades produtivas, comerciais e de consumo a nivel local e, por conseguinte ao emprego, a inversión e o crecemento económico.

Ante esto, e escoitando as demandas da sociedade, o Concello de Vimianzo artella un programa de reactivación económica, para complementar as medidas que adoptan outras administracións e promover a activación do consumo nos negocios locais máis afectados polos peches e redución de actividade. Unha das accións deste plan é a posta en circulación das tarxetas VIMI-BONO.

Con esta finalidade o Concello de Vimianzo aproba as Bases reguladoras do concurso público para a concesión de axudas para o fomento da reactivación económica local a través das tarxetas VIMI-BONO. Para a instrumentalización destas axudas, asinase convenio de colaboración coa entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. para a xestión destas axudas.

As axudas para o fomento da reactivación económica local entregaranse aos beneficiarios que voluntariamente a soliciten a través dunha tarxeta de prepago que se cargará dunha soa vez cun total de 25 €, tendo unha vixencia comprendida entre a data que se sinala na comunicación de entrega da tarxeta pola entidade bancaria colaboradora aos beneficiarios do programa e o 30 de xaneiro de 2021, data límite para a súa utilización.

En consecuencia, procede agora a selección dos establecementos que desexen participar no programa como posibles destinatarios das compras ou demanda de servizos por parte das persoas beneficiarias, dado que esta tarxeta só poderá ser utilizada nos establecementos adheridos.

De acordo co sinalado, por esta Alcaldía proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte, **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar as condicións para a adhesión dos establecementos interesados en participar na campaña de tarxetas bono para reactivación económica local do Concello de Vimianzo, que se transcriben a continuación:

“Condicións de adhesión e participación de establecementos no programa de reactivación da economía local no Concello de Vimianzo”

Primeiro.- Obxecto

O obxecto desta Resolución é establecer o procedemento e as condicións que deben reunir os establecementos para participar no programa de reactivación da economía local no Concello de Vimianzo a través das tarxetas VIMI-BONO.



Segundo.- Requisitos dos establecementos participantes

Ter a condición de microempresa (persoas físicas ou xurídicas)

Que teñan o seu domicilio fiscal no termo municipal de Vimianzo.

Que desenvolvan a súa actividade económica en Vimianzo.

Que dispoñan de Terminal Punto de Venta (TPV) con número de comercio que os identifique no servizo de pagamentos, para a execución das correspondentes operacións de pagamento efectuadas coas ditas tarxetas.

Para o disposto neste apartado a condición de microempresa defínese atendendo ao indicado no anexo I do Regulamento (UE) 651/2014, da Comisión, do 17 de xuño de 2014, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado, publicado no Diario Oficial da Unión Europea (DOUE) L 187, do 26 de xuño de 2014, segundo o cal a categoría de microempresa está constituída por aquelas empresas que ocupan a menos de 10 persoas e cuxo volume de negocio anual ou balance xeral anual non exceda de 2 millóns de €.

Terceiro.- Duración do programa

As transaccións económicas coa tarxeta bono "VIMI-BONO" poderanse realizar entre o 16 de decembro de 2020 e o 30 de xaneiro de 2021.

Cuarto.- Relacións coas persoas beneficiarias do programa

As persoas beneficiarias poderán utilizar o saldo da súa tarxeta de forma total ou parcial, así como completar os pagamentos, de non ter saldo suficiente, con outras formas de pagamento admitidas polo establecemento.

No caso de devolucións de produtos que se tiveran adquirido coa tarxeta, o establecemento non poderá, en ningún caso, ofrecer diñeiro en efectivo. Poderase cambiar por outra compra ou gasto de prezo igual ou superior, asumindo nese caso a persoa usuaria a diferenza.

Quinto.- Prazo e forma de presentación das solicitudes

O prazo de presentación das solicitudes de adhesión dos establecementos estará aberto desde o día 26 de novembro de 2020 ata o 11 de decembro de 2020, ámbolos dous incluídos.

As solicitudes presentaranse empregando o formulario que estará dispoñible na web www.vimianzo.gal.

Sexto.- Obrigas dos solicitantes

Presentar unha declaración sobre o cumprimento dos requisitos especificados no apartado segundo.

Os establecementos solicitantes obríganse ao cumprimento das seguintes condicións na prestación dos servizos ou produtos:

Dispor dun terminal de punto de venda (TPV) para a realización da transacción de compra do ben ou servizo a través da tarxeta moedeiro "VIMI-BONO".

Para os efectos da validación da TPV, o establecemento adherido deberá facilitar o número/s de comercio de que dispoña á entidade bancaria colaboradora.

Recepción e colocación dos materiais informativos da Campaña, nun lugar visible do establecemento. Dita documentación consistirá en:

Bases da campaña.

Cartel identificativo da campaña.

Dar a adecuada publicidade da campaña na súa web e redes sociais, se as tiveran, empregando en todo caso a imaxe oficial dela e o logo do Concello de Vimianzo en toda comunicación que realicen vinculada co proxecto.

Velar polo cumprimento estrito das bases da campaña e comunicar ao Concello de Vimianzo calquera incidencia ou mal uso dos bonos que poidan observar nas súas instalacións.

Non devolver, en ningún caso, o importe destes bonos por diñeiro en efectivo. En caso de devolucións, o importe do bono poderá ser trocado por outra compra ou gasto de prezo igual ou superior, asumindo nese caso a persoa usuaria a diferenza.

A efectos de avaliación da campaña, deberán facilitar os datos que se lle requiran desde o Concello de Vimianzo.

Sétimo.- Publicidade



A relación de establecementos adheridos figurará na web www.vimianzo.gal xunto coa súa ubicación para que as persoas beneficiarias das tarxetas dispoñan en todo momento do listado de participantes.

Oitavo.- Información básica sobre protección de datos persoais

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable polo Concello de Vimianzo, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento.

A responsabilidade do tratamento dos datos é do Concello de Vimianzo, cuxo representante legal é a alcaldesa-presidenta, Mónica Rodríguez Ordoñez, con domicilio para os efectos de notificacións na Praza do Concello, 6, 15129 Vimianzo (A Coruña), teléfono de contacto 981716001 e correo electrónico: alcaldia@vimianzo.gal.

Co fin de dar a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme o descrito na presente resolución a través dos distintos medios de comunicación institucionais de que dispón o Concello de Vimianzo.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica do Concello ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

O Concello de Vimianzo comunicará á entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. os seguintes datos relativos aos establecementos adheridos: nome comercial, tipoloxía de negocio, localización e os números de comercio con que as TPV dos establecementos estean identificados no servizo de pagamentos.

Para estes efectos, as entidades adheridas, xa sexan persoas xurídicas ou negocios cuxo titular sexa un autónomo, autorizan expresamente ao Concello de Vimianzo para comunicar os datos á entidade Abanca Corporación Bancaria S.A.

A entidade Abanca Corporación Bancaria S.A. tratará os datos que reciba do Concello de Vimianzo coa finalidade de vincular as tarxetas "VIMI-BONO" emitidas aos establecementos e aos seus números de comercio con que as TPV estean identificados no servizo de pagamentos, para a execución das correspondentes operacións de pagamento efectuadas coas ditas tarxetas.

Noveno.- Resolución da adhesión

Serán causas de resolución da adhesión as seguintes:

O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas na presente resolución.

O acordo unánime de todas as partes.

A decisión xudicial declarativa da nulidade da adhesión.

Ademais das causas de resolución, a adhesión ao programa extinguirase polo cumprimento do seu prazo, o día 30 de xaneiro de 2021."

SEGUNDO.- Ordear a súa publicación na páxina web www.vimianzo.gal e no taboleiro de anuncios do Concello de Vimianzo.

Vimianzo, 23 de novembro de 2020

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, aproba a citada proposta coa modificación sinalada, elevándoa a acordo nos seus propios termos."

E para que conste, expídese esta certificación de orde e co visto e prace da Sra. Alcaldesa,coa salvidade prevista no artigo 206 do ROF, en Vimianzo.

Visto e prace

A Alcaldesa

Mónica Rodríguez Ordoñez

(documento asinado electrónicamente á marxe)

O secretario xeral,

Francisco Javier Novoa Juíz